

CALENDARIO 2018



CALENDARIO DE MULLERES 2018

Para o ano que se achega quixemos facer un calendario de pioneiras, de mulleres que foron imprescindibles no seu campo de traballo, estudo ou compromiso.

Escollemos estas doce mulleres boas mais poderían ser outras, é ben certo...

Mulleres diversas na época na que viviron, no campo no que traballaron, na estela que deixaron, mulleres que non seguiron os camiños que se tiñan trazado para elas, mulleres capaces de rachar, de perder, de gañar...

Para algunhas destas mulleres Rosalía podería ter escrito:

Daquelas que cantan as pombas e ás flores todos din que teñen alma de muller; eu, que non as canto, Virxe da Paloma, de que a terei?...

Mari Luz Morales, a primeira muller directora dun xornal no Estado español escribiu "Sempre houbo mulleres insignes en Galicia. En todos os tempos, en todos os campos, baixo todas as luces. [...] Cada unha brilla con luz propia e deixa tras de si luminoso ronsel.... Tentemos seguir a pegada dalgunhas."

En homenaxe, lembranza e recoñecemento de todas as mulleres valentes este calendario **MULLERES 2018**

M^a DOLORES DÍAZ BALIÑO

PRIMEIRA MULLER NA ACADEMIA GALEGA DE BELAS ARTES

En xaneiro de 1905 nace na Coruña a pintora M^a Dolores Díaz Baliño. Dunha familia de artistas de fondas raíces galeguistas, Lolita Díaz Baliño foi unha gran debuxante e acuarelista, participou na primeira mostra de mulleres pintoras da Asociación de Artistas nos anos trinta. Foi profesora de debuxo da Escola de Artes e Oficios ao tempo que tiña escola na súa propia vivenda a onde acudían a aprender moitas significadas pintoras, é o caso de Pilar Bugallal, María Antonia Dans ou María Elena Gago.



Xunto a outra coruñesa, María del Carmen Corredoyra, foron as dúas primeiras académicas de Belas Artes e, durante moito tempo, as únicas mulleres da institución.

“ Para pór no seu xusto lugar o que aconteceu na Historia da arte, cada exposición debería ter un 99% de mulleres artistas, aínda que só nos próximos catrocentos anos*”

XANEIRO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

*Georgia O' Keefe

ERNESTINA OTERO

E A DEFENSA DO ENSINO

En febreiro de 1956, falece **Ernestina Otero Sestelo**, mestra e pedagoga galega. Estudou na Escola Normal de Pontevedra e, posteriormente na Escuela Superior del Magisterio de Madrid onde entra en contacto coa Institución Libre de Ensinanza, de ideas progresistas en materia pedagóxica: ensino laico, coeducación... A partir de 1915 ocupa a praza de pedagogía na Escola Normal de Pontevedra, da que será directora e presidirá o Consello Provincial de Primeiro Ensino.

Colaborou tamén activamente co Seminario de Estudos Galegos e en 1933 asinou o manifesto de intelectuais galeg@s a prol do Estatuto de Autonomía.



“ Abride escolas e pecharanse cárceres* ”

FEBREIRO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28				

*Concepción Arenal

ÁNGELA RUIZ ROBLES,

A PRECURSORA DO E-BOOK

En marzo de 1895 nace **Ángela Ruiz** Robles, mestra e inventora, precursora do libro electrónico. Muller dunha mente privilexiada e cunha profunda vocación pedagóxica buscaba facer o ensino máis atractivo e máis “lixeiro”, para iso pensou un aparello onde o seu alumnado tivese nun único libro todas as materias, nace así a Enciclopedia. Como inventora recibiu numerosos premios e mencións en certames de inventiva realizadas en Zaragoza, Xixón, Sevilla, Barcelona, Madrid, Xenebra e Bruxelas. Dende o ano 2013 un dos premios nacionais de informática concedidos pola Sociedad Científica Informática Española (SCIE) leva o seu nome.



“ O futuro fala, pero poucos entenden o que di ”

MARZO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

MARÍA MIRAMONTES,

UNHA VIDA TECENDO A PATRIA

En abril do ano 1895 nace en Guísamo **María** de los Dolores **Miramontes** Matos. Aos 11 anos empeza a traballar nun obradoiro de costura e sendo moi nova comeza a frecuentar os núcleos galeguistas da Coruña na compañía de Elvira Bao, as irmáns Chao Manciñeira , Amparo López Jean e entra a formar parte das Irmandades da Fala e da súa Xunta Directiva. Moi probablemente é nestes ambientes republicanos, progresistas e galeguistas onde coñece o seu home Ánxel Casal. Serán os

ingresos do seu comercio de venta de teas e do seu traballo como modista os que dan amparo económico a iniciativas esenciais para a lingua e a cultura deste país,a editorial Lar, a editorial Nós e as escolas de ensino galego...



“ María teceu con NÓS o traxe para vestir a Galiza ”

ABRIL

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						

ÁNGELES ALVARIÑO,

PRECURSORA NA INVESTIGACIÓN OCEANOGRÁFICA MUNDIAL

En maio de 2005 morría en California María de los Ángeles Alvariño González. Esta oceanógrafa galega formada na Universidade de Santiago de Compostela e mais en Madrid foi a primeira muller en actuar como científica nun barco de investigación británico.

Comezou a súa carreira investigadora en Vigo, no Instituto Español de Oceanografía, especializándose en zooplancto. No 1956 pasou a investigar no Instituto Oceanográfico WoodsHole en Massachusetts e logo no Instituto Scripps de Oceanografía de California e no Servizo Nacional de Pesca Marítima dos EEUU.

Ángeles Alvariño descubriu 22 novas especies de organismos mariños.



“As mulleres nunca descubren nada, fálalles o talento creador reservado por Deus para intelixencias varonís”

MAIO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

*Pilar Primo de Rivera

SABELA BARRETO,

A PRIMEIRA ALMIRANTA

Sabela Barreto nace en Pontevedra arredor de 1560 e a súa vida transcorre nun momento histórico con grande pulo das viaxes de descuberta polo Pacífico. O 16 de xuño de 1595, Barreto e o seu home, Álvaro de Bendaña, comezan unha viaxe cunha frota formada por 4 barcos con destino ás illas Salomón para fundar unha colonia. Durante a viaxe descubren as illas Marquesas. Ao chegar ás Salomón os enfrontamentos e as enfermidades causan numerosas baixas entre os colonos e mesmo a morte do adiantado Álvaro de Bendaña. O 18 de outubro de 1595 toma o mando da expedición levándoa dende as Salomón até Filipinas e despois de volta até Perú. Actualmente segue a ser a única muller comandante dunha frota.



“ Ysabel Barreto asumiu o mando absoluto da flotilla, episodio único na historia naval moderna”

xuño

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

*Robert Graves

MANUELA ANTONIA BARREIRO PICO,

A PRIMEIRA FARMACEUTICA GALEGA

En xullo de 1877 nace en Viveiro **Manuela Antonia Barreiro Pico**. É das primeiras galegas en conseguir o título de Bacharelato. No curso 1896 ten que solicitarlle permiso ao Ministro de Instrución Pública para facer os estudos universitarios e poderse matricular na universidade, xa que, para as mulleres, non era posible facelo por ensino oficial até 1910. Estuda Farmacia na Facultade de Farmacia de Compostela e será a primeira licenciada da Universidade de Santiago (1900). Xa co título debe, outra vez, solicitar permiso neste caso para exercer a súa profesión e onde indica "que pretende hallar ocupación útil para sí y para la sociedad". O permiso foille concedido finalmente, converténdose así na primeira farmacéutica galega.



“Pierden el tiempo, el dinero y algo más, que siempre constituyó la mejor aureola de las damas, las familias que tienen el mal gusto de dedicar a sus hijas al manejo del bisturí o a los trabajos de laboratorio”

XULLO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

*La Farmacia Moderna (1897)

ANTONIA FERRÍN MOREIRAS,

A PRIMEIRA ASTRÓNOMA GALEGA

En agosto de 2009 morre **Antonia Ferrín** Moreiras, matemática e astrónoma galega.

Logo de licenciarse na universidade compostelá comezou a traballar, en 1934, na propia universidade como profesora axudante de Física e Matemáticas. Co golpe militar fascista foi sancionada e apartada da docencia; en 1940 revisouse o seu proceso e puido reincorporarse á docencia universitaria. Neses anos coñeceu a Ramón María Aller e interesouse pola astronomía. Traballou con el no Observatorio Astronómico da Universidade de Santiago e publicou os seus traballos en distintas revistas de astronomía. En 1957 converteuse na primeira muller profesora da Facultade de Matemáticas en Santiago onde impartiu clases durante seis anos. Foi profesora na Facultade de Matemáticas da Universidade Complutense onde deu clase de astronomía.



“ Hai un principio bo que creou a orde, a luz e o home e un principio malo que creou o caos, a escuridade e a muller”

AGOSTO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

*Pitágoras

MARÍA LUZ MORALES,

A PRIMEIRA DIRECTORA DUN XORNAL

En setembro de 1980 morría **María Luz Morales** Godoy xornalista, editora e crítica cinematográfica. Con 26 anos incorporouse a La Vanguardia, na sección de cinematografía. En Barcelona será a representante da Asociación de Escritores Galegos e participa activamente na campaña a prol do Estatuto de Autonomía de Galiza. Logo do golpe militar, o xornal La Vanguardia pasa a estar controlado por un comité obreiro que a nomea directora. Co triunfo do franquismo é acusada de pertenza ao Partido Galeguista e é encarcerada nun convento barcelonés e inhabilitada para exercer a profesión. Logo da morte de Franco foi rehabilitada como periodista e continuou a súa actividade, xa como redactora, no Diario de Barcelona.



“ Se Concepción Arenal é unha torre, Rosalía de Castro é unha fonte ”

SETEMBRO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

CÁNDIDA OTERO,

A PRIMEIRA FOTÓGRAFA GALEGA

En outubro de 1846 nace **Cándida** Filomena **Otero** Fontán, a primeira muller que exerceu como fotógrafa profesional en Galiza.

Casada co fotógrafo italiano Felipe Prósperi, na década dos setenta do s. XIX eran os únicos profesionais con dedicación permanente que residían na cidade de Vigo, só eles dous aparecen rexistrados como fotógrafos nas primeiras edicións do famoso Almanaque Bailly Bailliere. Os traballos da parella identificábanse por separado, ela estaba máis ben dedicada ao retrato infantil.

A partir da morte de Prósperi en 1899, Cándida dirixe a galería fotográfica e en 1907 asóciase co portugués Jaime de Sousa Guedes Pacheco, no estudio Pacheco y Viuda de Prósperi.



“ A muller é un animal de cabelos longos e ideas curtas* ”

OUTUBRO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

*Schopenhauer

MARÍA ÁUREA RODRÍGUEZ,

A RAÍÑA DA GAITA GALEGA

No mes de novembro de 1897 nace, no concello de Cartelle, María **Áurea Rodríguez** Rodríguez a primeira muller gaiteira da que se ten noticia e que ademais liderou o grupo de gaitas *Os Maravillas de Cartelle* que Aurea formou cos seus irmáns. Na década dos vinte percorre toda a xeografía galega con grande suceso e a partir de 1929 actúan en Madrid e Bos Aires. Xa na década dos 30, Aurea e os seus irmáns emigran a Arxentina. A prensa de fóra de Galiza refírese a Áurea como "La reina de la gaita Gallega"



“Espectáculo magnífico emocionante y bello, el de esta moza celta, acariciando sobre su pecho el divino y milenario instrumento lírico de la raza”

NOVIEMBRE

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

MARÍA SOLIÑA,

O SUFRIMENTO DUN POBO

En decembro de 1617, unha escuadra de piratas turcos arrasaron as costas do sur de Galiza. No Morrazo prodúcese unha auténtica masacre, casas incendiadas, mortos, feridos, violadas, veciños vendidos como escravos no norte de África. Ligado ás consecuencias deste ataque xorde o nome de **María Soliño** (ou Soliña). Cóntase que moitas mulleres que defenderon as costas perderon a razón tras a traxedia, e que foron xulgadas baixo a acusación de bruxería. Mais a realidade semella algo diferente, a ruína que chegou tras estes saqueos fixo que a pequena nobreza perdese moitas das súas rendas. E son eles, xunto co Santo Oficio, quen promoven xuízos contra persoas que posuían 'dereitos de presentación' (dereito á porcentaxe do que se recadase) en capelas e igrexas. Tal era o caso de María Soliño, á quen lle foi expropiado, no seu xuízo, o dereito de presentación que tiña na Colexiata de Cangas e na igrexa de San Cibrán de Aldán.



“ As gueivotas sobre Cangas
soños de medo tecían:
ai, que soliña quedache,
María Soliña.*”

DECEMBRO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

*Celso Emilio Ferreiro



Agrupación Cultural Alexandre Bóveda

981 200 869

<http://www.alexandreboveda.gal/>

Correo electrónico: acab@mundo-r.com



<https://twitter.com/ACBoveda>



<https://www.facebook.com/a.c.alexandre.boveda>



Asociación socio-pedagógica galega

981278259

<http://www.as-pg.gal/>

Correo electrónico: informacion@as-pg.com



<https://www.facebook.com/asociacion.galega>